



### Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** Aprobar a ampliación do prazo de presentación de ofertas da licitación: "Mercados sostibles: contrato de obras para equipamento e da mellora de accesibilidade e adecuación dos tres eixos comerciais; aparcamentos e zonas de lecer".

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/001470

### ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Redáctase o proxecto de obra para a revitalización do comercio de Betanzos mediante a conexión dos tres eixos comerciais: Mercado Municipal, Centro Comercial Aberto e Mercado non Sedentario para a creación dunha oferta cohesionada, diferencial e sostible".

Este proxecto está financiado nun 80% polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, con fondos do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (Next Generation EU).

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 1 de agosto do 2024, acordou prestar aprobación ao expediente de contratación "Mercados sostibles: contrato de obras para equipamento e da mellora de accesibilidade e adecuación dos tres eixos comerciais; aparcamentos e zonas de lecer"; aprobando o proxecto de obra e o prego de cláusulas administrativas, convocando a licitación por procedemento de urxencia, debido aos prazos de xustificación da subvención.

TERCEIRO. O día 2 de agosto publícase anuncio de licitación da obra na Plataforma de Contratos do Sector Público, concedendo un prazo de dez días para que as empresas interesadas presenten a súa oferta.

CUARTO. No día da data, 13 de agosto, finalizando o prazo de presentación de ofertas ás 23:59 horas, non consta, neste intre, na citada plataforma, a presentación de ofertas.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público

### CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De conformidade co artigo 136 da Lei 9/2017, de 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público, "los órganos de contratación fijarán los plazos de presentación de las ofertas y solicitudes de participación teniendo en cuenta el tiempo que razonablemente pueda ser necesario para preparar aquellas, atendida la complejidad del contrato, y respetando, en todo caso, los plazos mínimos fijados en esta Ley".

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas ata o próximo venres día 23 de agosto ás 23:59 horas e corrixir o anuncio da licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público, ampliando dito prazo de presentación de ofertas.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa  
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)  
Adrián J. Márquez Caramés